

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 29/10/2015, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

Concelleiros

Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

José Marcote Suárez
Soledad Vilela Romero
Alexandre Domínguez Lado
María Rocío Mariño López

Concelleiros

Partido Popular (PP)

José Manuel Traba Fernández
Daniel Juan Benlloch Rivas
Santiago Insua Esmorís-Recamán
María del Rocío Marcote Canosa

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Xan Carlos Sar Oliveira
Teresa Fernández Martínez

Converxencia Galega

Juan Agustín García Pouso

Secretario

José Ramón Lema Fuentes

Orde do día

- 1º **Aproba-lo borrador da acta da sesión anterior, se procede.**
- 2º **Solicitude de fraccionamento ó Ministerio de Economía e Facenda do reintegro dos saldos liquidación definitiva da Participación en Tributos do Estado ano 2013.-**
- 3º.- **Comunicación Consellería de Traballo sobre modificación Regulamento e Ordenanza Fiscal sobre Axuda no Fogar.-**

Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 20:05 horas, do día 29/10/2015, reúnen-se no salón de sesións da casa do concello, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, coa seguinte:

- 1º **Aprobar o borrador da acta da sesión anterior, se procede.**

Deisaxe sobre a mesa do día 2 de Outubro de 2015 ó non terse redactado.-

2º Solicitud de fraccionamento ó Ministerio de Economía e Facenda do reintegro dos saldos liquidación definitiva da Participación en Tributos do Estado ano 2013.-

O Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Solicitar del Ministerio de Economía y Hacienda que el Reintegro del Saldo deudor resultante a nombre de este Ayuntamiento en la Liquidación Definitiva de la Participación en Tributos del Estado correspondiente al año 2013 , que según comunicación efectuada por la Delegación de Hacienda de A Coruña de fecha 3 de Agosto de 2015 con Registro de Salida 00015.002.2015.S. 002206 asciende a la cantidad de - 52.312,89, pueda fraccionarse en un periodo de Diez años, acogiéndose por tanto al régimen especial previsto en la Disposición Adicional Décima del Real Decreto Ley 17/2014 de 26 de Diciembre, apartados 1 y 2.-

2) Remitir Certificación de este acuerdo a dicho Organismo Oficial por el conducto reglamentario establecido.-

3º.- Comunicación Conselleria de Traballo sobre modificación Regulamento e Ordenanza Fiscal sobre Axuda no Fogar.-

Dada conta do oficio número 98332 / RX 1365515 de data 15 de Outubro de 2015 recibido procedente da Secretaria Xeral da Conselleria de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia sobre modificacións a introducir dentro do Regulamento de Axuda no Fogar e Ordenanza Fiscal aprobados no seu día,

Unha vez examinadas, o Pleno por unanimidade dos asistentes acorda :

REGULAMENTO DE AXUDA NO FOGAR

1) Aprobar provisionalmente as modificacións sinaladas polo citado Organismo Oficial quedando integradas dentro do citado Regulamento como segue :

Artigo 8.- Dereitos das persoas usuarias.-

As persoas usuarias do servizo terán dereito :

Apartado 2 .- A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades coa calidade e duración determinadas en cada caso.-

Artigo 12.- Requisitos específicos.-

Apartado 1 .- No servizo existirá un profesional de referencia que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais, aplicándose a seguinte táboa :.....

Artigo 13.- Modalidades do acceso ao servizo.-

O acceso ao servizo produciráse a través dos servizos sociais comunitarios do Concello de Fisterra, de acordo coas seguintes modalidades :

Apartado 5.- A prestación do servizo virá condicionada polas posibilidades presupostarias do programa, refiríndose soamente ás persoas usuarias de libre concurrencia.-

Artigo 14.- Organización e funcionamento.-

O servizo de axuda no fogar está integrado nos servizos sociais comunitarios do Concello de Fisterra e será coordinado polo profesional do equipo técnico .-

Apartado h) A aparición das causas de modificación e extinción do servizo resolveráse previa tramitación do expediente administrativo correspondente, con audiencia da persoa interesada.-

Artigo 15.- Normas de funcionamento do servizo.-

Apartado 5.- Queda suprimido, dado que será no proxecto de atención individual onde se especificarán as tarefas concretas a desenvolver no domicilio da persoa usuaria.-

Artigo 17.- Seguimento do servizo de axuda no fogar.-

Primeiro párrafo.- As modificacións na prestación do servizo realizaránse en base as necesidades e circunstancias da persoa usuaria.-

Artigo 19.- Causas de suspensión temporal do servizo.-

Apartado 1.- Ausencia temporal do domicilio : O servizo poderá suspenderse por un máximo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia e por un máximo de tres meses para as persoas que acceden ao sistema por libre concurrencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.-

Artigo 20.- Causas de extinción.-

1.- Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

Apartado 7.- Queda suprimido, toda vez que as causas de extinción son tasadas.-

Apartado 9 .- Se o beneficiario se ausenta do domicilio sen causa xustificada por un periodo superior a tres meses e o prazo de dous meses de suspensión para as persoas usuarias de dependencia.-

Apartado 13 .- Cando o Concello deixe de prestar o servizo por falta de medios, ben por ser asumido por outra administración ou entidade de iniciativa social, afectando só ás persoas usuarias de libre concurrencia.-

2) Expoñer ao público o expediente para que durante o prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia podanse presentar reclamacións, facéndose constar expresamente que no caso de non presentarse se entenderá definitivamente aprobado.-

ORDENANZA FISCAL PREZO PUBLICO AXUDA NO FOGAR

1) Aprobar provisionalmente as modificacións sinaladas polo citado Organismo Oficial quedando integradas dentro do citado Regulamento como segue :

Artigo 5.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento.-

Apartado 3.- Párrafo 2.- Para o calculo da cuota tributaria, unha vez calculada a capacidade económica, segundo o establecido no Artigo 60, ésta dará lugar a unha determinada porcentaxe, que determinará cada concello, tendo en conta o marco do Artigo 62. A cantidade a aboar polo usuario será a resultante de aplicar a porcentaxe anterior ao prezo/hora do custo do servizo.

2) Expoñer ao público o expediente para que durante o prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia podanse presentar reclamacións, facéndose constar expresamente que no caso de non presentarse se entenderá definitivamente aprobado.-

E non habendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as 20 : 47, de todo o que como Secretario dou fe.-